

## “Contemplo a túa suor”, tradución de Rikardo Arregi<sup>1</sup>

Isaac Xubín<sup>2</sup>; Alejandro Martínez Vicente<sup>3</sup>

Rikardo Arregi Diaz de Heredia (Gasteiz 1958) formouse en psicoloxía, maxisterio e filoloxía vasca. Ademais de poeta, tradutor e membro da Academia da Lingua Vasca, Rikardo Arregi exerce como xornalista, crítico literario e profesor de ensino secundario. Os seus tres poemarios foron galardoados co Premio da Crítica: *Hari hauskorrek* (1993), *Kartografía* (1998) e *Bitan esan beharra* (2012). A súa produción pode lerse en diferentes linguas, en antoloxías (*XX Mendeko Poeria Kaierak* 2000), en libros colectivos (*Poetikak & Poemak* 2005) e en publicacións periódicas (*Talaia, Transcript...*).



O poemas que se presentan a continuación son parte do traballo desenvolvido no obradoiro de tradución organizado polo lectorado galego da Universidade de Zadar e o seu responsable, Nikola Vuletić, na illa de Pašman (Croacia). As traducións foron feitas por Isaac Xubín en colaboración co lector de galego naqueles anos (2018-2019), Alejandro Martínez Vicente.

### Ekaitzak

Barkamena eskatu nizun otzan  
ekaitza hastean. Ezin aitortu  
ur bilakatzeko desira hauek,  
hutsalak, jakina. Barregarriak.  
Antzinako ametsak ametsetan,  
ahots leun bat sutondoan agian,  
edonon alegiazko jainkoak;  
uste zenean dena zela zuri,  
dena laino. Urduri entzuten dut  
solasaldia baina lurrikara

### Treboada

Eu pedinche perdón humildemente  
ao iniciarse a treboada. Inconfesos  
aquelas ganas de tornarme en auga,  
baleiros, sen dúbida. Ridículos.  
Soñando soños de outrora,  
unha lene voz, quizais, na lareira  
deuses imaxinarios por todas as partes;  
cando coidaba que todo era branco,  
que todo era néboa. Escoito desacougado  
a conversa, pero o tremor de terra,

<sup>1</sup> Créditos da imaxe: Zaldi Ero (<http://www.basqueliterature.com/es/Katalogoak/egileak/arregi>).

<sup>2</sup> Correo-e: [is.xubin@gmail.com](mailto:is.xubin@gmail.com)

<sup>3</sup> Universidade de Zadar. Correo-e: [alejmvicente@gmail.com](mailto:alejmvicente@gmail.com)

ez da, tamalez, garaiz iritsiko.  
 Ezpainak eta mihiak galdurik,  
 ez itsaso urdinik, ez ongirik.  
 Soilik plastikozko kutxatxoetan  
 begirada amoltsua ipini,  
 oihal hartan, ispilu apurtuan,  
 norbaiten esperoan den aulkian,  
 materiaren gozari deituz.

Euria ari du, ez gara beldur  
 maite baikaituzte kale hezeek,  
 ametsetan ametsak, ezkutuan,  
 isilik, aske une bakar batez.  
 Usainak, keinu kontsolagarriak,  
 argia, urrezko jantziak, kea.  
 Mendi beti desberdinen ahotsak,  
 bidexka bakartiak, elorria.

Ekaitza, ekaitza dator azkenik,  
 soseguz bizi gaitezen, eta hil.  
 Enbor erorian arratsaldeak  
 ematen genituen eserita,  
 eta inor ez zen gutaz oroitzen.  
 Gustu bitxiegiak genituen  
 beharbada, inork ezin ulertu  
 itsasertzeko kanposantuei  
 izan genien maitasun eroa.

Ekaitza hasi zenean presaka  
 joan ginen errota zaharrera,  
 baina haiek, ez dakit nik zergatik,  
 galsoroetako mitxoletei  
 so egitea debekatu zuten,  
 bizitzea debekatu ziguten.  
 Muinoan Burdin Aroko aztarnak.  
 Hortik erromatarren harbidea.  
 Goian eliza, ateak itxita.

### Zorionak

Orain dela hilabete ez asko  
 poemaren bat eskatu zenidan  
 zure urtebetetze gauerako,  
 Ernazimenduko printzetxo haiek  
 beren poeta-zerbitzariei  
 eskatzen zieten modu berean.  
 Bai lan astuna gizajo haiena,  
 hitz ederrak paratu, metaforak,  
 mitologian heroi bat bilatu,

non chegará, por desgraza, a tempo.  
 Perdidos beizos e linguas,  
 tampouco mar azul, nin ben ningún.  
 Só pousar unha mirada agarimosa  
 por riba das caixiñas de plástico,  
 nos anacos de tea, no espello roto,  
 na cadeira que agarda a alguén,  
 invocando o espírito da materia.

Está a chover, pero non temos medo  
 porque nos aman as rúas de humedén,  
 soños soñando, ás agochadas,  
 en silencio, libres por un momento.  
 Ulidos, xestos consoladores,  
 luz, vestidos dourados, fume.  
 As voces das montañas, sempre diferentes,  
 os carreiros solitarios, o abruñeiro.

A treboada, chega por fin a treboada,  
 para poder vivir con acougo e tamén morrer.  
 Pasabamos as tardes sentados  
 no tronco leñoso caído,  
 e ninguén se lembraba de nós.  
 Tiñamos gustos moi extravagantes,  
 se cadra, ninguén podía entender  
 o noso amor irracional  
 polos cemiterios ao carón do mar.

Cando comezou por fin a treboada  
 bulimos cara ao vello muíño  
 pero eles, eu non sei por que razón,  
 prohibíronnos mirar  
 ás papoulas das searas,  
 prohibíronnos vivir.  
 No outeiro ruínas da idade de ferro.  
 Dende alí, a calzada romana.  
 Enriba, a ermida, coas portas pechadas.

### Parabéns

Pedíchesme que che escribise  
 non hai moitos meses un poema  
 para a noite do teu aniversario  
 tal e como de seguro facían  
 os principiños do renacemento  
 cos seus servos, poetas de cámara.  
 Traballo duro daqueles coitados,  
 axeitar as metáforas, palabras,  
 procurar nos mitos algún heroe

konparazio liluragarri bat,  
printzearen aurpegi koipetsuan  
bertuteren bat aurkitu, asmatu,  
eta gau batean, afal orduan,  
denbora aspertuak arintzeko  
antzezpena egin eta poema,  
oi, ene printzea, errezitatu.

Ez dakizu nola eskertzen dudan  
gure mende honetan bizitzea,  
gogorik dudanean idazten dut,  
unean egokitzen zaidan forman,  
beharrak ahantzirik, minik gabe.

Gizalegezko irribarre fina  
eskaini nizun, zigarroa piztu  
eta Jon Miranderen poemekin  
segituz basoa altxatu nuen,  
*plazetan errhauts eginak*, beste bat,  
martini, noski, eta zorionak.

#### Amodiozko poemak edo, XIV

Billy Collins-en ereduari jarraituz, *paradelle*  
[bat

...eta matsaren urrezko orriak.  
Lauaxeta

Mahastietan zure eskuak lanean daude  
Mahastietan zure eskuak lanean daude  
Nire gorputza jeloskor dabil zuri begira  
Nire gorputza jeloskor dabil zuri begira  
Nire eskuak zuri begira jeloskor daude  
Mahastietan zure gorputza dabil lanean

Lanen izenak ikasten ditut oinak zikindu  
Lanen izenak ikasten ditut oinak zikindu  
Praka urdinak lasai ikusi lurren desirak  
Praka urdinak lasai ikusi lurren desirak  
Praka desirak zikindu oinak lurren izenak  
Lanen urdinak ditut ikusi lasai ikasten

Traktore gurdi bideen hautsa zure izerdi  
Traktore gurdi bideen hautsa zure izerdi  
Ur gazi hori da nire ardo jainkoen sua  
Ur gazi hori da nire ardo jainkoen sua

unha comparación marabillosa,  
descubrir unha virtude, ou inventala,  
do príncipe na faciana graxenta  
para unha noite, despois do banquete,  
pasar as horas de fastío e tedio  
recitando con moita pantomima  
oh, meu príncipe, os seus poemas.

Ti non imaxinas como agradezo  
o feito de vivirmos neste tempo,  
escribo só cando me peta  
usando formas que me dan xeito  
sen coitas, sen obrigas.

Sorrín para ti galante,  
prendín amodo outro cigarro  
según coa lectura de Jon Mirande,  
*fixeron cinzas de vós nas prazas*,  
deseguido erguín a copa, outro,  
martini, claro, e parabéns.

#### Poemas de amor máis ou menos, XIV

Unha *paradelle* segundo o modelo de Billy  
[Collins

...e as follas de ouro das vides.  
Lauaxeta

Nos viñedos fan o traballo as túas mans  
Nos viñedos fan o traballo as túas mans  
O meu corpo ao mirarte sente celos  
O meu corpo ao mirarte sente celos  
Ó mirarte senten celos as miñas mans  
Nos viñedos fai o traballo o corpo teu

Aprendo os nomes das tarefas ensucio os pés  
Aprendo os nomes das tarefas ensucio os pés  
Contemplo tranquilo pantalóns azuis desexo  
[de terras  
Contemplo tranquilo pantalóns azuis desexo  
[de terras  
Os pantalóns ensucio de desexo os pés nomes  
[de terras  
Miro as tarefas azuis tranquilo aprendo

A túa suor po do camiño remolques e tractores  
A túa suor po do camiño remolques e tractores  
Ese líquido salgado é o viño meu lume divino  
Ese líquido salgado é o viño meu lume divino

Bideen sua da nire ardo ur gazi hori  
Zure izerdi jainkoen hautsa traktore gurdi

Lurren urdinak lanean daude zuri begira  
Oinak ikasten zikindu ditut praka izenak  
Ur lasai hori nire gorputza traktore sua  
Mahastietan jainkoen hautsa da nire ardo  
Zure eskuak lanen desirak bideen gurdi  
Jeloskor dabil gazi ikusi zure izerdi

### Amodiozko poemak edo, XXIII

*la radio, una canción de The Smiths que ya  
entonces era vieja*  
Agustín Fernández Mallo

Autoan goaz. Zu gidari betiko moduan.  
Zure ondoan beti bezala pozik ni, pozik.  
Liluratzen nau zure arreta nabaritzeak,  
zure izterrak egiten duen mugimenduak,  
zure barreak, konturatzean, nola zaitudan  
begira, irmoki. Musika ni jartzen ari naiz,  
irratietan soinu uhinak bilatzen ditut.

*Take me out tonight*

Eta argiak miresten ditut eta ur tantak.

*Oh take me anywhere, I don't care*

Edonora joango nintzateke horrela, zinez,  
zure ondoan, zure autoan, ez dit axola,  
besarkatzen gaituen plastiko eta burdina  
etxe gozoa, dorre altua, mundu oso da.  
Pozik nago, oso pozik, ez dago beste hitzik,  
ozen kantatzen dut ozen, barre egiten duzu.

*And if a double-decker bus  
crashes into us  
to die by your side  
such a heavenly way to die*

Eta barre egiten didazu kanta osoa  
itzultzen dizudanean eta ni pozik nago,  
oihuka kantatzen dut oihuka hiriarentzat.

Camiño do lume é o viño meu ese líquido  
[salgado

A túa suor po divino tractores e remolques

Os azuis de terra a mirarte fan o seu traballo  
Aprendo os pés ensucio de pantalóns os nomes  
Ese líquido tranquilo lume de tractores o corpo  
[meu

No viñado po divino é o viño meu  
As túas mans e as tarefas desexo remolques do  
[camiño  
Sinto celos salgado contemplo a túa suor

### Poemas de amor máis ou menos, XXIII

*la radio, una canción de The Smiths que ya  
entonces era vieja*  
Agustín Fernández Mallo

Imos en coche. E ti conduces coma sempre.  
Canda ti, coma sempre, feliz eu, feliz.  
Encántame observarte ao conducires  
e os movementos que fan as túas coxas,  
e os teus risos cando notas que te miro  
fixamente. Eu estou a pór a música,  
na procura das ondas de son na radio.

*Take me out tonight*

E admiro as luces e as pingas de auga.

*Oh take me anywhere, I don't care*

Podería ir a calquera parte, abofé que si,  
Ao teu carón, no teu coche, non me importa,  
acubillannos o plástico e o ferro,  
fogar feliz, alta torre, todo un mundo.  
Estou feliz, moi feliz, non hai outra palabra,  
estou a cantar en alto, en alto estás a rir.

*And if a double-decker bus  
crashes into us  
to die by your side  
such a heavenly way to die*

E botas a rir ao traducirche  
a canción enteira para ti e estou contento  
cántolle á cidade a berros.

*And if a ten ton truck  
kills the both of us  
to die by your side  
well, the pleasure and the privilege is mine*

Eta eskua jarri didazu hanka gainean  
hitzak itzultzen dizkizudan bitartean isil.

*There is a light never goes out*

Hiri osoko argi guztiak, ur tantak, babes.

*There is a light never goes out*

Zure ondoan dabil errari nire etxea.

*There is a light never goes out*

### **Aldi berean**

Biak aldi berean izatea  
da nire gutizia  
zilarrezko ibai zabal honetan:  
itsasontzian urruti doana  
eta portutik, zutik,  
itsasontzia ikusten duena,  
eta elkarri loturik atxiki,  
aldi bere-berean sentitzeko,  
begi irekietan,  
aldentzearen plazer atsegina,  
gelditzearen plazer atsegina,  
negarrez alde egiteagatik,  
gelditu izanagatik negarra.

### ***Fervor de buenos aires***

*Invierno porteño*

Astor Piazzolla

Jorge Luis Borges en antza  
duten gizon asko ikusten dut  
edonon, atarrietan  
zerbaiten zain, kafetegietan  
bakarrik, zerbait idazten,  
eskutitzak irakurtzen

*And if a ten ton truck  
kills the both of us  
to die by your side  
well, the pleasure and the privilege is mine*

E pousas a túa man na miña coxa,  
calado mentres che traduzo as palabras da  
[canción.

There is a light never goes out

Protéxennos as luces todas da cidade, as pingas  
[de auga.

*There is a light never goes out*

Ó teu carón camiña errante a miña casa.

*There is a light never goes out*

### **No mesmo instante**

Sería o meu desexo,  
neste largo río de prata,  
ser dous no mesmo instante:  
aquele que se afasta no barco  
e dende o porto, en pé,  
aquele que observa o barco,  
e manter os dous unidos,  
sentir no mesmo instante,  
nos ollos abertos,  
o fermoso pracer de afastarse,  
o fermoso pracer de ficar,  
chorar se hai que partir  
o choro por ter que quedar.

### ***Fervor de buenos aires***

*Invierno porteño*

Astor Piazzolla

Vexo por todas as partes  
homes que se asemellan  
a Jorge Luís Borges, agardando nos portais  
a que pase algo, sós  
nas cafeterías, escribindo algunha cousa,  
están a ler

ari dira, edo liburuak.  
 Borgesen antza dute, bai,  
 baina ez dira itsu, argi da,  
 gorbatahunak, dotore.  
 Julio Cortázarren antza duten  
 gizonak egongo dira hortik  
 baina ez ditut ikusi,  
 ez dakit non ibiliko diren.  
 Bakar-bakarrrik Borgesen antza  
 duten jaun dotore hauek,  
 eta ez dira itsuak.  
 Kaleak zeharkatzen dituzte,  
 etxe batzuetan sartzen dira,  
 (zer gertatzen da ate atzean),  
 eserita daude parkeetan,  
 euritakoa zabaltzen dute  
 edo berokia lotu.  
 Hiri honetan edonon dago  
 Borgesen antza duen baten bat.  
 Ispilu asko, tigre ugari.  
 Borgesen antza duen baten bat  
 labirintoa ez dirudien  
 labirinto honetan bizitzen.  
 Ispilu beldurgarriak.  
 Tigre urre gorrizkoak.  
 Itzalen labirintoan  
 kalerik kale, lanbroa lagun.  
 Gustatuko litzaidake niri  
 Jorge Luis Borgesen antza  
 izatea zahartzerakoan,  
 igande arratsaldeak  
 kafetegietan eman,  
 dotore jantzita, gorbatahun,  
 gizon izerdi usain gozoa  
 duen liburu hau irakurri,  
 pianoa eta ardoa gertu,  
 eta jendeak esango luke  
 ni pasatzen ikustean:  
 Borgesen antza du horrek  
 baina ondo ikusten du,  
 badirudi Buenos Airesetik  
 etorri berria dela.

Borgesen antza eduki  
 edo katu baketsua izan  
 gizon lasaien artean  
 Lorategi Botaniko hartan.

cartas, libros.  
 Teñen pinta de Borges, si,  
 Pero non son cegos, está claro,  
 con gravatas, elegantes.  
 Haberá por aí homes  
 que se parezan a Julio Cortázar,  
 pero non os vexo,  
 non sei por onde andarán.  
 Só estes cabaleiros elegantes  
 que se parecen a Borges  
 e non son cegos.  
 Cruzan as rúas,  
 métense nalgunhas casas,  
 (que acontecerá detrás das portas?),  
 están sentados nos parques,  
 abren os seus paraugas  
 ou abrochan os seus abrigos.  
 En algures hai nesta cidade  
 alguén que se parece a Borges.  
 Moitos tigres, espellos infinitos.  
 Alguén que se pareza un pouco a Borges  
 neste labirinto  
 que non semella labirinto.  
 Terribles os espellos.  
 Tigres de ouro encarnado.  
 Guiados pola néboa de rúa en rúa  
 neste labirinto de sombras.  
 Gustaríame  
 parecerme a Borges  
 cando chegue a vello,  
 pasar nas cafeterías  
 as tardes de domingo  
 vestido de xeito elegante, con gravata,  
 ler este libro que leva  
 a doce suor dos homes,  
 preto do viño e do piano,  
 e que a xente diga  
 cando me vexa pasar:  
 parécese a Borges aquel home  
 pero ve moi ben,  
 semella que acaba de chegar  
 do mesmo Buenos Aires.

Parecerse a Borges  
 ou ser un gato manso  
 entre homes tranquilos  
 no Xardín Botánico.

## Hilezkortasuna

Poema irakurketa batean nago  
azken ilaran eserita ilunpetan,  
bi hizkuntza erabiltzen ari da poeta:  
haietako bat arras ongi ulertzen dut,  
hilezkortasun bezalako hitz zailak ere bai,  
ehuneko laurogeita hamalau,  
zientifikoak izateko;  
bestean hitz solte batzuk baino ez,  
telebista, pedofilia, fahrenheit, polemika,  
[parkea.

Poeta, irakurtzen ari dena alegia,  
aktore ona da, aurpegi arraroak jartzen ditu,  
ahotsa modulatzeko badaki,  
isilune luzeak egiten ditu,  
lepoa hazkatzen du noizbehinka,  
zerbait ari da edaten, ardo zuria uste dut,  
eta erretzen du;

guk, publikoak, ezin dugu erre,  
berak bai, artista da azken finean.  
Begurada galtzen dut, galtzen zait aulkietan,  
[ez dira oso zaharrak,

laurogeiko hamarkadakoak,  
zientifikoak izateko,  
horiak eta beltzak dira, ez dakit konbinazio  
[hori gustatzen zaidan;

zakur bat etzanda dago bazter batean,  
ez oso urrun, ez oso gertu,  
begiratzen diot eta berak niri, buztana  
[astintzen du,

belarriak altxatu.

Ez da nigana etorriko orain?

Performance hau ez da poetak eta biok  
[prestata.

Hormak, zuriz margotu berriak, zaharrak dira,  
[oso zaharrak;

arkuak daude, zabalak, oso zabalak,  
sabaian gangak,  
hemezortzigarren mendekoak,  
zientifikoak izateko.

Poemak aulki, zakur eta hormetatik  
irristatzen dira ezer zikindu barik.

Irakurketa bukatzen denean  
poetaren liburua hartu, eta zerbait irakurtzen dut.  
Mundua gaizki dagoela dio, eta gainbehera.  
Arrazoi duela pentsatzen dut,

## Inmortalidade

Asisto a unha lectura de poemas  
sentado na última ringleira, na escuridade,  
o poeta emprega dúas linguas:  
entendo bastante ben unha delas,  
mesmo palabras difíciles como inmortalidade,  
para ser científicos,  
o noventa e catro por cento;  
na outra só entendo algunhas palabras soltas,  
televisión, pedofilia, fahrenheit, polémica,  
[parque.

O poeta, é dicir, quen está a ler,  
é un bo actor, pon caras raras,  
sabe modular a voz,  
fai longas pausas silenciosas,  
ás veces raña no pescozo,  
bebe algo, coído que viño branco,  
e fuma;

nós, o público, non podemos fumar,  
el si, despois de todo é o artista.

Váiseme a mirada, pérdoa nas cadeiras, non  
[son moi vellas,

para ser científicos  
da década dos anos oitenta,  
son negras e amarelas, non sei se esa  
[combinación me gusta moito;

hai un can deitado nun curruncha,  
nin moi lonxe nin moi preto,  
míroo e el mira cara a min, move o rabo,

ergue as orellas.

Non virá a canda min agora?

É unha performance non prevista por min ou  
[polo poeta.

As paredes acabadas de branquear, son vellas,  
[moi vellas,

hai arcos larguísimos  
e o teito é abovedado,  
para ser científicos,  
do século dezaioito.

Os poemas esvaran  
polas cadeiras, polo can e mailas paredes, sen  
[manchalos.

Cando remata a lectura  
collo un libro do poeta e leo algo.  
Di que o mundo está mal e en decadencia,  
penso que ten razón



eta ama ados egongo litzatekeela,  
 askotan entzun baitiot berari  
 mundua gaizki dagoela eta gainbehera,  
 eta denok poema txarrak idazteko eskubidea  
     [dugu,  
 zientifikoak izateko.  
 Aulki, zakur edo horma izan nahi dut  
     [bat-batean,  
 erromantizismoak mila aurpegi ditu  
 eta badakit hori faltsua dela,  
 gizaki bat naizela  
 eta hau dela ene mundua,  
 gaizki doana eta gainbehera,  
 baina zer nahi duzue,  
 mundua gaizki doa eta gainbehera,  
 eta aulkiak, zakurra eta hormak  
 ez dira hilezkorrak,  
 eta ez dute hilezkor izan nahi,  
 zientifikoak izateko.

### **Min urrun moduko bat**

Min urrun moduko bat  
 sentitu dut bat-batean goizean,  
 min gogoratua besterik ez beharbada,  
 oroitzapen baten min higtua,  
 galtzear dagoena, ahanztar,  
 isilean errepikatzen dena,  
 gero eta urrunago, hilago.

Baden ezin da esan,  
 ezta ez denik ere.

Laino moduko min erraz txikia,  
 poemarik mereziko ez lukeen mina,  
 idaztea bera gordetzea baldin bada,  
 min urrun moduko bat.

e que a miña nai estaría de acordo,  
 escoiteille dicir moitas veces  
 que o mundo está mal e en decadencia,  
 e, para ser científicos,  
 todos temos dereito a escribir malos  
     [poemas.

De súpeto quero ser cadeira, can ou parede,

o romanticismo ten mil caras  
 e xa sei que iso é falso,  
 que son humano  
 e que este é o meu mundo,  
 que está mal e en decadencia,  
 pero que queredes,  
 o mundo está mal e en decadencia  
 e as cadeiras, o can e mailas paredes  
 non son inmortais,  
 nin, para ser científicos,  
 queren ser inmortais.

### **Unha sorte de dor antiga**

Sentín de súpeto á mañá  
 unha sorte de dor antiga,  
 quizais non sexa máis que o recordo dunha dor,  
 a dor luída dunha lembranza,  
 a piques de perderse, a piques de esquecerse,  
 que en silencio se repite,  
 cada vez máis lonxe, cada vez máis morto.

Non se pode afirmar a súa existencia,  
 tampouco que non exista.

Unha dor pequena e fácil semellante á néboa,  
 dor que non merecería un poema,  
 se o feito de escribir fose reter,  
 unha sorte de dor antiga.